

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 17 de setembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta e cinco minutos do día dezasete de setembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, Sr. Lorenzo Penela e pola Intervención Xeral a Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1008).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1009).- RESOLUCIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR (2013). EXPTE. 87963/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 09-09-13, da técnica de Política de Benestar, conformado polo xefe de área e máis pola concelleira-delegada; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 13-09-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o listado que se achega no expediente das axudas municipais escolares de libros e material escolar -curso 2013/2014 - ANEXO I

- No nivel de Educación Infantil 2ª etapa (3, 4 e 5 anos)
- orzamento curso 2013/2014: 80.000 euros
- contía da axuda para este concepto: 80 euros/alumno
- alumnos/as solicitantes: 1.973
- orzamento adxudicado: 80.000 €

1.1. concedidas:	1.000 alumnos
1.2. denegadas:	642 alumnos
1.3. lista de espera:	331 alumnos

Segundo.- Aprobar o listado que se achega no expediente das axudas municipais de comedor -curso 2013/2013- ANEXO II- 1 e 2

- Para os niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria obrigatoria.
- Orzamento curso 2013/2014: 912.000 €
- Contía da subvención: Ata 41 €/mes/alumno/a
- Solicitudes recibidas de alumnos/as: 4.274
- Orzamento adxudicado: 96.951,00 euros (8 meses) (total 775.608,00)+ 67.914,70 euros(2 meses) (total 135.829,40), según os distintos precios dos comedores e o número de alumnos/as que comen en cada un con un máximo de 41 €/mes/alumno-a
- TOTAL CURSO: 911.437,40 €

1.1.concedidas:	2.576 alumnos
1.2.denegadas:	955 alumnos
1.3.lista de espera:	743 alumnos

Terceiro.- Comprometer o gasto con cargo á partida 2310,481,00,00 das axudas concedidas relacionadas nos anexos que figuran no expediente, do seguinte xeito:

-Gasto de 80.000 euros para axudas de libros e material escolar con cargo ao A nº 2013.000.29738 , por importe de 80,000 euros.

-Gasto de 911.437,40 euros para axudas de comedor, curso 2013/2013 con cargo os seguintes A:

*ejercicio 2013: A nº 2013.000.29739 (365.000 euros)

*ejercicio 2014: AFUT nº 2013.000.29740 (547.000)

Cuarto.- Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, das Unidades Básicas de Acción Social e na páxina web do Concello

Quinto.- Aprobar os seguintes anexos que figuran no expediente:

ANEXO I – Listado xeral resolución axudas libros e material

ANEXO II - Listado xeral resolución axudas comedor

ANEXO III – Listado estatístico de solicitudes por UBAS

ANEXO IV – Listado estatístico por tipo de centro

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e cincuenta minutos.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.